

b i b l i o t e c a b á s i c a d o c o m e r c i o


c o i d a n d o o
m e u a m b i e n t e



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRÍA
Dirección Xeral de Comercio



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio



cuidando o meu ambiente

apuntamentos prácti-
cos para a optima-
ción medio ambiental

PRESENTACION

A Consellaría de Innovación e Industria márcase como un dos seus obxectivos principais acadar a plena profesionalización do sector comercial.

É unha satisfacción para min presentar esta colección de manuais prácticos para o noso sector comercial que denominamos como "Biblioteca Básica do Comercio". Trátase dunha colección de manuais cos que queremos contribuir a unha maior formación dos/as profesionais do sector do comercio naqueles temas que sendo de máximo interese e actualidade teñen que ver coa súa actividade cotiá .

Pretendemos dotar ao noso comercio dunha ferramenta de apoio onde se traten temas fundamentais dunha forma sinxela e práctica dándolle prioridade á elaboración de pautas e recomendacións adaptadas ás súas necesidades.

Os cambios no comercio galego deben ir parellos ás profundas transformacións que se están a producir no mercado. A clientela, cada vez máis formada e informada, precisa de comerciantes que respondan ás súas necesidades.

O mantemento dunha posición competitiva require do desenvolvemento e potenciación dos elementos que o caracterizan: atención personalizada, especialización con respecto a outras fórmulas comerciais, maior coñecemento dos produtos e, polo tanto, a posibilidade dun mellor asesoramento ás persoas que se achegan aos establecementos comerciais, sendo ademáis fundamental obter unha diferenciación competitiva e un posicionamento baseado na calidade do servizo.

O obxectivo da Consellaría de Innovación e Industria é precisamente consolidar o comercio galego como un comercio de calidade e un sector económico de referencia.

Con esta iniciativa queremos dar un paso máis neste sentido e, agardo que a colección que presentamos sexa da súa máxima utilidade.

FERNANDO X. BLANCO
Conselleiro de Innovación e Industria

LIMAR

Este Caderno Práctico do Comercio Galego presenta unha serie de sinxelos e prácticos consellos que che axudarán a implantar medidas para a optimización ambiental do teu establecemento..

Debes ter en conta que, pese a que un establecemento comercial precisa definir unha liña estratéxica que lle permita maximizar a súa rendibilidade e garantir así a súa viabilidade comercial, acadar este obxectivo básico non é incompatible coa implantación de boas prácticas medio ambientais. Ao contrario, mediante as mesmas perséguese, entre outros obxectivos, unha optimización no consumo de recursos que supón unha redución no nivel de gastos.

Por outra parte mediante a implantación de prácticas en prol do coidado do medio ambiente no teu comercio estarás mostrando un compromiso coa conservación ambiental do medio natural, á vez que co teu exemplo actuarás como elemento de sensibilización e concienciación ante a túa clientela, axudando así á creación dunha cadea de compromiso social co medio ambiente.

Para que esta cadea de compromiso ambiental do teu establecemento comercial sexa tanto externa como interna podes dedicar tempo a concienciar e formar aos/ás teus/túas empregados/as. Deste xeito eles/elas tamén poderán actuar como concienciadores/as medio ambientais da clientela.

Finalmente debes ter en conta que a adopción de boas prácticas medio ambientais tamén repercutirá de xeito positivo na túa imaxe pública. Así a implantación de medidas de optimización ambiental tamén se converte nunha vantaxe competitiva, posto que che axuda a diferenciarte e posicionar como un establecemento comprometido coa conservación do medio natural.

A Consellaría de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia, vén de crear a **Biblioteca Básica do Comercio**, unha colección de manuais-guías para contribuír á formación dos/as profesionais do sector, nos aspectos clave no desenvolvemento da súa actividade comercial.

Esta iniciativa formativa e de posta ao día dos/as comerciantes, representa, sen dúbida, un impulso máis a un comercio galego de calidade, competitivo e fortemente comprometido coa sociedade e co seu ámbito.

A Biblioteca Básica do Comercio complementa outras actuacións levadas a cabo pola Consellaría de Innovación, a través da Dirección Xeral de Comercio, que permitiu, con grande éxito, a implantación do Selo de Calidade do Comercio Galego.

A obra, cun enfoque divulgativo, áxil e fundamentalmente práctico, e cunha presentación amena, atractiva e de fácil comprensión, consta inicialmente de 13 títulos:

Apaga o candil: medidas e hábitos de aforro enerxético.

Coidadiño: prevención de riscos laborais no comercio.

Paso libre: accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas.

Bo día: a importancia da atención ao cliente.

Salta á vista: técnicas de escaparatismo.

Máis por menos: técnicas de mercadotecnia e vendas.

Con todas as da lei: a normativa básica do comercio.

Envolto para que volte: guía do empaquetado e presentación de artigos.

Coidando o meu ambiente: actuacións e prácticas que minimizan o impacto medioambiental.

O meu produto como “tic” queiras: TIC e comercio electrónico (e-commerce).

Galeg@ vende (Tomos 1 e 2): o respecto dos dereitos lingüísticos como ferramenta estratéxica e competitiva.

Sei que me queres: técnicas e prácticas para a fidelización de clientes.

ANA MARÍA RÚA SOUTO
Directora Xeral de Comercio

INDICE

1Situación ambiental do sector

2Xestión de aprovisionamento e equipos

Aprovisionamentos de mercadorías

Aprovisionamentos de artigos auxiliares

Equipos e instalacións

3A xestión de auga, enerxía e residuos

Xestión da auga

Xestión de enerxía

Xestión de residuos


4Ruídos

5Anexo

SITUA- CIÓN AMBIEN- TAL DO SECTOR

SITUA- CIÓN AMBIEN- TAL DO SECTOR


As actividades comúns dun comercio polo miúdo, non teñen en principio unha gran repercusión para o medio ambiente se se comparan, por exemplo, coas do sector industrial, xa que esta actividade se centra na adquisición e venda dos produtos xa elaborados. Así un comercio polo miúdo tomado individualmente non ten un impacto significativo no medio ambiente. No entanto, debes ter en conta que todos os días cada establecemento está xerando unha serie de residuos e tamén consumindo recursos enerxéticos e hídricos que considerados globalmente no conxunto do sector si poden resultar importantes.



No entanto, debes ter en conta que todos os días cada establecemento está xerando unha serie de residuos e tamén consumindo recursos enerxéticos e hídricos que considerados globalmente no conxunto do sector si poden resultar importantes.

Da mesma forma, non todos os establecementos comerciais teñen o mesmo impacto sobre o medio ambiente, por elo é recomendable que analices os teus procesos e actividades para ver que tipo de repercusión ten o teu establecemento.

No seguinte gráfico podes ver os principais procesos da actividade comercial e cales son os recursos que precisa para funcionar e os residuos que se producen.



RECEPCION DO XENERO

Abarca o relacionado coa recepción das mercadorías a comercializar e as materias primas necesarias para o funcionamento do establecemento. Neste punto presta atención á contaminación acústica das operacións de carga e descarga e á xeración de residuos de envases e embalaxes.

ALMACENAMENTO

As mercadorías se almacenan temporalmente en lugares habilitados ao efecto contemplando as condicións de conservación e mantemento. Neste proceso os aspectos ambientais máis relevantes son o consumo de enerxía eléctrica (iluminación, climatización ou refrixeración) e a xeración de residuos de envases e embalaxes.

XESTION ADMINISTRATIVA

Nun establecemento comercial estas actividades orixinan principalmente consumos enerxéticos e de papel, á vez que supoñen a xeración de residuos sólidos urbanos (papel, grampas, etc) e residuos perigosos (pilas, cartuchos de tinta, toners, etc). Ten en conta que algúns compoñentes dos ordenadores persoais conteñen substancias perigosas como metais pesados.

PROCESOS AUXILIARES

Comprende todas as actividades relacionadas co mantemento e limpeza do establecemento e o uso de instalacións auxiliares (lavabos, sistemas de calefacción e refrixeración...). Neste punto presta atención ao consumo de auga, á carga contaminante das augas residuais, á xeración de residuos e ao consumo de enerxía en xeral.

EXPOSICION DA SALA DE VENDAS

A mercadoría se sitúa en expositores de diferentes formatos asegurando a súa presentación e conservación. Presta atención ao consumo de enerxía eléctrica sobre todo en iluminación e á xeración de residuos de diversa natureza.

PROCESO DE VENDA

Durante esta fase prodúcese principalmente os seguintes tipos de residuos: papel (principalmente dos recibos de compra), embalaxes, envases e bolsas de plástico. De todas formas, dependendo da natureza do produto comercializado pode ser que non existan envases nin embalaxes ou ben que se produzan outro tipo de residuos diferentes.

Para minimizar o impacto ambiental de todas estas actividades podes levar a cabo unha serie de boas prácticas medio ambientais, que requiren un cambio tanto en actitudes persoais como na organización de certas actividades cotiás.

A través das boas prácticas ambientais conseguirás os seguintes beneficios:

1Optimizar o consumo de enerxía e de auga, o que supón unha redución de gastos. **2**Xerar menos residuos. **3**Reutilizar os residuos. **4**Minimizar o efecto ambiental das emisións atmosféricas, ruídos e vertidos de auga. **5**Mellorar a imaxe do teu comercio ante a clientela.

GESTIÓN DE PRO- VISIONA- MENTOS E EQUIPOS

XESTIÓN DE APRO- VISIONA- MENTOS E EQUIPOS

O comercio polo miúdo ademais de abastecerse de mercadorías para a súa posterior comercialización, necesita de determinados utensilios, ferramentas e produtos para a xestión interna do establecemento.

Na medida das túas posibilidades intenta reducir o consumo de materias innecesarias e adquire produtos respectuosos co medio ambiente. En ocasións a túa actividade comercial permitirache a opción de que os produtos que comercialices teñan un impacto reducido no medio ambiente, aínda que isto dependerá da túa estratexia comercial e non sempre será posible. Pola contra, no caso dos bens de uso interno do teu negocio podes seguir unha serie de políticas de abastecemento que axudarán tanto a coardar o medio como a mellorar a rendibilidade do teu negocio.



APROVISIONAMENTOS DE MERCADORIAS

Dependendo de cal sexa o teu sector de actividade terás máis ou menos posibilidades de adoptar políticas de aprovisionamento que inclúan criterios medioambientais. Algunha das medidas que podes levar a cabo son:

1 Optimiza a xestión de stocks. Unha boa política de compras, na que se axusten os pedidos ás necesidades reais aumenta a rendibilidade do teu establecemento, pero tamén incide de xeito favorable no medio, posto que se reducirá o número de residuos xerados por obsolescencia e caducidade. Analiza que produtos teñen unha menor rotación, compara as previsións cos pedidos e na medida do posible negocia coas empresas proveedoras para axustar os pedidos as túas necesidades. **2** Valora a posibilidade de adquirir materias primas a granel ou en envases de gran tamaño e con poucos envoltorios, sen que isto supoña un menoscabo na calidade dos artigos que comercializas. Por exemplo, se o teu establecemento é unha ferraxería podes dar a posibilidade aos teus clientes de mercar certos artigos como parafusos ou cravos a granel, de esta forma posibilitarás que a clientela merque a cantidade xusta ao tempo que reducirás a produción de residuos procedentes dos envoltorios.

3 Se a túa actividade comercial o permite intenta seleccionar, na medida do posible, produtos con envases fabricados con materiais reciclados, que sexan susceptibles de degradarse e descompoñerse de xeito natural (biodegradables), ou que poidan ser retornados aos provedores. **4** Merca preferentemente e se é posible a produtores locais, de esta forma contribuirás á sostibilidade do teu contorno posto que se reducirá a cadea de subministración e o impacto ambiental do transporte. Un traxecto máis curto no transporte supón unha redución nas emisións de CO₂. **5** Dependendo do produto que comercialices tes a posibilidade de traballar con empresas proveedoras que posúan algunha certificación ambiental que garanta que seguen políticas de coidado do medio ambiente.

APROVISIONAMENTOS DE ARTIGOS AUXILIARES

Para o desenvolvemento da actividade comercial, o mantemento axeitado do establecemento e a súa xestión, tamén é imprescindible a compra e utilización de outra serie de produtos de uso interno.

Xa que este tipo de artigos non veñen determinados pola túa estratexia comercial podes optar por poñer en práctica medidas de coitado medio ambiental á hora de aprovisionarte. Para levar a cabo estas políticas, é importante que coñezas os diferentes etiquetados ecolóxicos existentes.



Alguns dos máis importantes son:

1Etiqueta ecolóxica da Unión Europea: representa ter cumprido uns criterios ambientais estritos e transparentes. **2**Marca AENOR Medio Ambiente: conforme coas normas UNE de criterios ecolóxicos. **3**Marca AENOR Ecodiseño: norma centrada no deseño ecolóxico de produtos. **4**Punto Verde: Certifica que a empresa produtora do artigo acóllese ao Sistema Integrado de Xestión de Residuos e Envases e paga unha taxa para a recollida selectiva e periódica de envases e o seu tratamento posterior. **5**Punto Sigre: Sistema Integrado de Xestión e Recollida de Envases do sector farmacéutico. **6**Círculo de Moebius: adxudícase a todos os produtos que son reciclables.

LIMPEZA

Nas tarefas de limpeza do establecemento inflúe tanto o consumo de auga (que se tratará máis adiante) como o consumo de substancias químicas de limpeza. Dependendo da súa composición, así como da cantidade que utilices, se producirá unha maior ou menor contaminación. Cando merques produtos para a limpeza do teu establecemento pregúntate que precisas realmente e non adquires produtos innecesarios:

1Emprega as cantidades recomendadas polos fabricantes. **2**Intenta utilizar produtos que non sexan agresivos co medio ambiente: fíxate en que os deterxentes sexan libres de fosfato e de cloro. **3**Merca produtos ecolóxicos: limpadores ecolóxicos, bolsas do lixo biodegradables, etc. **4**Os produtos de limpeza industrial deben ter á vista unha listaxe coas substancias perigosas que conteñan, as súas propiedades e o seu nivel de perigosidade. **5**As substancias perigosas deben almacenarse hermeticamente e en sitios separados do resto de produtos e materiais.. **6**Valora a posibilidade de empregar para a limpeza produtos naturais como o vinagre, limón, sal ou bicarbonato sódico. Estas substancias presentan a vantaxe de non ser tóxicos.

MATERIAL DE OFICINA

Durante as tarefas de xestión e administración do teu negocio podes precisar dunha serie de materiais de oficina. Á hora de seleccionalos e empregalos tes a opción de seguir as seguintes boas prácticas:

1Intenta evitar o malgasto de papel. Neste senso podes reflexionar sobre cando é preciso imprimir documentos e cando non. Tamén podes levar a cabo un labor de concienciación medio ambiental se nos correos electrónicos que envíes inclúes unha mensaxe na que se pregue que non se imprima a non ser que sexa preciso. **2**Podes optar por utilizar papel reciclado en recibos de compra, resgardos, folletos informativos, publicidade, ofertas, etc. Este tipo de papel, pese a ser algo máis caro, permitirache levar unha labor de coidado do medio e de concienciación tanto entre a túa clientela como entre os/as teus/túas empregados/as. **3**Na medida do posible emprega materiais recargables (bolígrafos, portaminas etc) ou feitos con materiais biodegradables (libretas, carpetas...). **4**Busca un proveedor de material informático que recolla os toners de impresión cando estes xa estean esgotados.

TRANSPORTE

Se contas con algún vehículo de reparto, transporte de mercadorías, etc., podes ter en conta estas recomendacións de condución eficiente:

1Planifica o teu recorrido para facelo o máis curto posible e evitar os atascos. **2**Utiliza marchas longas. **3**Limita a velocidade. **4**Intenta vixiar a presión das rodas e o bo estado do vehículo. **5**No momento de renovar o vehículo considera adquirir o que menos emisións produza.

BOLSAS PLÁSTICAS

O grao de implantación das bolsas de plástico é moi elevado, calcúlase que en Galicia utilízanse ao ano máis de 600 millóns no consumo. A maioría das mesmas están fabricadas con materiais como o polietileno, que tarda décadas en degradarse. Polo tanto, en caso de realizarse un mal uso das mesmas e de non ser sometidas a algún proceso de reciclaxe supoñen unha ameaza para o contorno.

Actualmente existen alternativas ás bolsas plásticas de uso común pero debes ter en conta que supoñen uns gastos máis elevados para o teu comercio. Polo que, antes de optar por estas alternativas debes analizar o impacto que terían no teu balance financeiro. Se no teu comercio utilizas bolsas de plástico podes ter en conta estas dúas recomendacións medio ambientais:

1As bolsas plásticas menos contaminantes son as que conteñan unha baixa cantidade de polietileno. **2**Intenta seleccionar modelos que informen ao consumidor sobre o seu uso e eliminación axeitados.

Se pola contra decides optar por algunha das alternativas ás bolsas plásticas estas son as principais:

1Bolsas biodegradables: son as que se descompoñen de xeito natural, xa que están fabricadas a partir de recursos vexetais non comestibles, renovables e de orixe agrícola. Poden depositarse nos colectores de lixo orgánico e degrádanse máis rápido que as normais. **2**Bolsas reutilizables de materiais non plásticos: pódense empregar máis dunha vez, como por exemplo as de tea. Podes repartir estas bolsas co teu logotipo entre a clientela explicándolle a túa motivación de que volvan sempre con ela, así publicitarás o teu establecemento e actuarás como sensibilizador social ao tempo que contribúes a reducir a produción de residuos plásticos. Estas bolsas teñen un prezo elevado polo que, en vez de utilizalas habitualmente, podes optar por entregalas á túa clientela en datas especiais ou con motivo dalgunha promoción.

ENVOLTORIOS

Outro produto moi prexudicial son as bandexas de poliestireno, utilizadas normalmente en produtos alimenticios. A este respecto existen outras alternativas como cartóns ou papeis parafinados.

EQUIPOS E INSTALACIONES

EQUIPOS

Cada tipo de comercio contará cun tipo de maquinaria e equipos diferente, aínda que xeralmente esta poderá dividirse en equipos accesorios (caixa rexistradora, monitores, computadora, mobiliario, elementos de decoración) e equipos propios da actividade (balanza, frigoríficos, etc).

Unha boa xestión e un axeitado mantemento destes equipos aumentará o seu rendemento e o seu ciclo de vida, pero tamén contribuirá a reducir o seu impacto no medio ambiente. Neste senso, ten en conta que unha parte importante dos equipos funciona con electricidade, polo que podes intentar adquirir equipos de baixo consumo, por exemplo, moitos aparellos levan unha Etiqueta de Eficiencia Enerxética que mostra o seu consumo e eficiencia. Se queres máis información sobre esta etiqueta podes consultar o caderno **Apaga o Candil**, tamén publicado na Biblioteca Básica do Comercio Galego.

INSTALACIONES

As principais instalacións coas que pode contar un comercio son:

1Sala de vendas. **2**Oficina. **3**Baños. **4**Zona de descarga. **5**Almacén. **6**Oficina. **7**Cámaras frigoríficas.

Todos estes lugares precisan a instalación de sistemas de iluminación, climatización, instalacións eléctricas para conexión de equipos, sistemas de comunicación, cableado, etc.

Debes ter en conta que cada zona debe de estar adaptada para un consumo enerxético eficiente e axeitado para cada caso. Por exemplo, no almacén non é precisa unha iluminación tan intensa como na sala de vendas e, dependendo do produto que comercialices a súa climatización tamén variará. Tamén debes realizar un mantemento óptimo das instalacións que eviten calquera tipo de fuga ou consumos superiores aos normais.

Por último, tanto no caso de que te atopes na fase de deseño dun novo local, como se tes pensado realizar reformas no teu actual establecemento podes ter en conta consideracións ambientais. Por exemplo, se realizas reformas no teu escaparate podes instalar lámpadas de baixo consumo para aforrar no teu consumo enerxético.

En canto ao mobiliario, podes mercar mobles que leven o selo FSC, que certifica unha xestión responsable dos bosques dos que se obtivo a madeira

A XESTIÓN DE AUGA, ENERXÍA E RESI- DUOS

A XESTIÓN DE AUGA, ENERXÍA E RESI- DUOS

Todo establecemento comercial precisa dunha serie de recursos para levar a cabo a súa actividade diaria. De igual maneira, a actividade comercial xera unha serie de residuos que deben ser xestionados de forma que non prexudiquen o medio ambiente.

XESTION DA AUGA

Como norma xeral un establecemento comercial realiza consumos de auga moi reducidos. Con todo, debes ter en conta que a auga é un elemento base para a vida, polo que é recomendable xestionala de xeito responsable e eficiente.

Os obxectivos medio ambientais que debes buscar son tanto optimizar o consumo de auga como reducir a carga contaminante das augas residuais que se produzan no teu comercio.



Xeralmente, nun establecemento comercial a limpeza é a maior fonte de consumo de auga, aínda que existen determinadas actividades como, por exemplo, as florarías e as peixarías que utilizan a auga de xeito máis intensivo na súa actividade diaria.

Se para o desenvolvemento da túa actividade comercial precisas utilizar un gran volume de auga podes ter en conta as seguintes recomendacións:

1 Nos puntos onde se precise auga quente e fría podes instalar billas monomando, que poden proporcionar aforros de ata o 50 %.

2 Se o teu establecemento comercial posúe servizos, como por exemplo nunha pastelería con cafetería, podes optar por instalar temporizadores ou detectores de presenza para as billas. Isto pode supor aforros de entre o 20 e o 40 %.

3 En caso de utilizar mangueras instala nas mesmas boquillas de peche automático, con isto podes reducir ata un 10 % o consumo. Por exemplo, se no teu negocio de floraría regas as plantas con manguera deberías ter en conta isto.

4 Utiliza billas con limitadores de presión e instala atomizadores nas mesmas.

5 É recomendable que as cisternas sexan de dobre descarga ou de interrupción de descarga. Aínda que nas cisternas convencionais tamén se pode regular o volume de carga de auga.


Unha billa pingando unha hora desperdicia un litro de auga, isto suporía un malgasto de 8.760 litros nun ano!!!

6 Opta por un sistema de aire acondicionado que arrefría o ambiente utilizando aire e non auga.

7 Realiza limpeza en seco sempre que poidas mediante vasoiras, aspiración, varrido con cepillos, etc.


8 Optimiza a cantidade de deterxentes que utilizas cando limpes en mollado, non utilices unha dose maior da recomendada polo fabricante, xa que estarás aumentando a carga contaminante.

9 Vixía que as billas e as cisternas non pinguen e que non existan fugas na instalación de fontanería.




XESTION DE ENERXIA

Nun establecemento comercial o principal consumo enerxético é o eléctrico, podendo existir outros como, por exemplo, de gas oil ou gas en caso de existir caldeiras ou outros elementos que requiran destes elementos. O nivel de consumo enerxético dos establecementos comerciais está directamente relacionado co equipamento do que dispoñen: sistema de iluminación, aire acondicionado, calefacción, etc.



O xeito máis eficaz de reducir o consumo enerxético do teu establecemento é optimizar o mesmo para consumir de forma eficiente. Adoptando medidas de aforro enerxético non soamente estarás coidando o teu contorno senón que tamén estarás incrementando a rendibilidade do teu establecemento. Para conseguir un consumo enerxético máis eficiente podes levar a cabo unhas sinxelas medidas e hábitos de consumo que se mostran a continuación.



GESTION DO CONSUMO DE ENERXIA

De seguido podes ler unha serie de consellos para que reduzas o consumo enerxético do teu establecemento en diferentes apartados:

ILUMINACIÓN:


1 Aproveita a luz natural ao máximo no teu establecemento evitando os obstáculos que impidan a entrada da mesma. Para iso coloca os mobles grandes pegados á parede.

2 Limpa ben as fiestras e escaparates. **3** Conecta os ambientes con aberturas evitando no posible os muros opacos.

4 As cores claras nas paredes e teitos achegan sensación de amplitude e reflicten unha maior cantidade de luz que as escuras. **5** Pensa en seleccionar materiais que acheguen luminosidade (cristal, espellos, aluminio, madeiras claras e con pouca veta) nos marcos de portas e fiestras, mostradores e mobiliario. **6** Optimiza o teu sistema de iluminación mediante a instalación de lámpadas de baixo consumo. As lámpadas de baixo consumo poden aforrar ata un 80 % de enerxía eléctrica. **7** Limpa ben o teu sistema de alumeadado, a presenza de po no mesmo pode chegar a reducir a iluminación no 10 %. **8** Nas zonas onde non é precisa iluminación constate, como o almacén, podes instalar interruptores con temporizador ou detectores de presenza. **9** Podes instalar células que detecten a variación da intensidade da luz natural no teu escaparate. Así a luminaria do escaparate soamente se prenderá cando sexa preciso.

ACONDICIONAMENTO TERMICO:


1 Podes instalar illamento en portas e fiestras e sistemas de peche automático para evitar as perdas de calor ou de frío do aire acondicionado. Os sistemas de peche automático poden permitir un aforro de ata o 40 % en acondicionamento térmico. **2** En canto á temperatura do local, busca acadar sempre unha temperatura comfortable para as persoas presentes no establecemento. **3** Cando baixes a temperatura co aire acondicionado intenta facelo de xeito progresivo así refrescarás o establecemento de xeito máis rápido e cun consumo menor. **4** Para aforrar custos e mellorar a eficiencia do sistema de acondicionamento térmico podes revisar o seu mantemento, por exemplo revisando os filtros e comprobando que non existan fugas no aire acondicionado, caldeira, radiadores, etc.




ILUMINACIÓN


1 Apaga os aparellos eléctricos cando non os precisas. Tamén podes instalar sistemas de baixo consumo para que cando non sexan utilizados queden en estado de espera

2 Cando vaías adquirir un novo equipo podes ter en conta o seu consumo enerxético como un dos criterios de merca. Equipos de similares prestacións poden chegar a ter variacións de consumo de ata un 90 %. **3** Se precisas de cámaras de refrixeración valora a posibilidade de compartilas con outros comerciantes. Isto pode realizarse de xeito eficiente entre os comerciantes dun mercado municipal.





Por último, se queres obter información máis detallada sobre os aspectos clave do aforro enerxético amais de consellos e máis boas prácticas de consumo, a Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia, pon á túa disposición o caderno Apaga o candil, que tamén pertence á Biblioteca Básica do Comercio.





XESTION DE RESIDUOS

Nun establecemento comercial prodúcense distintos tipos de residuos, que se poden clasificar da seguinte maneira:

Residuos Sólidos Urbanos: dependen de cada actividade, pero poden clasificarse en:

1Residuos orgánicos. **2**Vidro. **3**Plásticos, envases lixeiros e embalaxes. **4**Papel e cartón. **5**Roupa e residuos téxtiles. **6**Mobiliario e madeira.

Residuos perigosos: aínda que poidas pensar que o teu comercio non produce este tipo de residuos, existen nun número considerable de residuos moi contaminantes que se poden derivar da actividade comercial:

1Equipos eléctricos. **2**Electrodomésticos. **3**Pilas usadas e baterías. **4**Fluorescentes. **5**Líquidos e gases de refrigeración. **6**Envases de produtos de limpeza. **7**Materiais absorbentes que se atopan contaminados.

BOAS PRACTICAS NA XESTION DE RESIDUOS

A mellor forma de coidar o medio ambiente é que intentes reducir a cantidade de residuos que produces e, na medida das túas posibilidades, que reempregues produtos e materiais en usos alternativos.

De seguido podes ver algúns consellos útiles en función do tipo de residuo:

CONSELLOS XERAIS

1 Separa en orixe os diferentes tipos de residuos que produce o teu comercio e deposita cada un no seu correspondente colector do lixo. **2** Evita que os residuos entren en contacto coa materia prima ou co produto. **3** Podes utilizar os trapos vellos como panos de limpeza, evitando así o uso de papel. **4** Sempre que poidas substitúe o correo ordinario polo electrónico para comunicarte coa túa clientela ou distribuidores. **5** Podes utilizar facturas electrónicas á hora de cobrar a determinados tipos clientes/as.

PLASTICOS, ENVASES LIXEIROS E EMBALAXES

1 Podes dar á túa clientela bolsas reutilizables. Se ben estas bolsas son máis caras así conseguirás que fagan publicidade do teu establecemento cada vez que as utilicen e coidarás do medio.

RESIDUOS PERIGOSOS

Os residuos perigosos precisan dunha xestión específica que engloba unha recollida, transporte, almacenaxe e tratamento especial. Nalgúns casos existe a obrigatoriedade de que sexan tratados por empresas xestoras autorizadas para levar a cabo estes procesos. No caso de teres que recorrer a un xestor autorizado debes ter en conta que teñen uns custos elevados que repercutirán no prezo ao que podes vender os teus produtos.

RESIDUOS PERIGOSOS

Os residuos perigosos precisan dunha xestión específica que engloba unha recollida, transporte, almacenaxe e tratamento especial. Nalgúns casos existe a obrigatoriedade de que sexan tratados por empresas xestoras autorizadas para levar a cabo estes procesos. No caso de teres que recorrer a un xestor autorizado debes ter en conta que teñen uns custos elevados que repercutirán no prezo ao que podes vender os teus produtos.

En canto a este tipo de residuos, podes ter en conta as seguintes recomendacións:

1 As pilas non deben mesturarse con outros tipos de residuos. Para eliminalas existen colectores específicos e empresas especializadas na xestión e tratamento deste tipo de residuos. **2** Se un aparato pode funcionar tanto con pilas como con electricidade elixe esta última, posto que así non se xerarán residuos. **3** Os envases que contiveron substancias perigosas deben ser tratados como residuos perigosos. **4** Se no transcurso da túa actividade se orixinan aceites industriais residuais debes entregalos para a súa recollida a un xestor de residuos autorizado.

Por cada 90 kg de papel que se recicla evítase a tala de dúas árbores.

RUÍDOS

RUÍDOS

Un alto nivel de ruído e contaminación acústica non resulta desexable, posto que resultará molesto para a túa clientela, que pode reducir o tempo que pasa no teu establecemento ou incluso directamente non entrar. Se o ruído é moi elevado pode afectar ao benestar das persoas e incluso á súa saúde se están expostos durante un período moi prolongado ao mesmo.

Como norma xeral as actividades que desenvolven os establecementos comerciais non xeran altos niveles de ruído. Pero se no teu comercio existe algunha fonte de ruídos podes ter en conta algunha das recomendacións que se presentan a continuación. Se te atopas na fase de deseño do teu local podes ter en conta como se propagará o ruído polo mesmo e tomar medidas preventivas para que as zonas de cara ao cliente se vexan libres de ruídos.



Se pola contra xa posúes un local e pensas que se orixina unha excesiva contaminación acústica os principais ámbitos de actuación sobre os que podes incidir son os seguintes:

1A fonte do ruído: axustando, ou substituíndo por outros, os equipos que son a fonte do ruído. **2**O medio de propagación: optimizando o acondicionamento acústico das superficies e illando a maquinaria ou elementos que producen a contaminación acústica. Exemplo: se posúes un establecemento de reparación de calzado intenta que a maquinaria non se atope ao carón da zona de atención aos clientes.

BOAS PRACTICAS AMBIENTAIS

Para eliminar ou reducir a contaminación acústica do teu establecemento podes realizar algunha das seguintes boas prácticas:

1Ten en conta que sempre son máis eficaces as actuacións sobre a fonte do ruído que sobre o medio de propagación.

2Cambia máquinas de refrixeración ou climatización antigas por outras máis modernas e silenciosas.

3Se no teu establecemento ou no edificio onde está localizado existe unha caldeira, bomba ou motor-compresor podes illar as paredes da sala onde estean colocados, para así evitar que o ruído chegue á parte do teu establecemento á que accede a clientela.

4Axusta o nivel de decibelios da túa megafonía ás ordenanzas municipais.

Un nivel axeitado de música ambiental pode aumentar o tempo que a clientela pasa na sala de vendas. Pero se a intensidade é demasiado elevada conséguese o efecto contrario

5Se a túa actividade se produce total ou parcialmente durante un horario nocturno, como por exemplo nunha panadería, ou contas con maquinaria que funcione de xeito continuado como cámaras frigoríficas, debes insonorizar o teu establecemento para non interromper o descanso dos/as veciños/as.

Nas operacións de carga e descarga debes ter en conta o seguinte:

1Procura colocar no chan material que absorba os impactos.

2Non faledes moi alto durante as operacións de carga e descarga.

3O vehículo debe aproximarse todo o posíbel ao almacén.

4O motor do vehículo debe permanecer apagado durante a operación de carga e descarga.

ANEXO

ANEXO

NORMATIVA

1Lei 1/1995 do 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia. **2**Lei 7/1997 do 11 de agosto, de Protección contra a contaminación acústica. **3**Lei 10/1997 do 22 de agosto, de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia. **4**Lei 11/1997, do 24 de abril, de Envases e Residuos de Envases. **5**Lei 46/1999 do 13 de decembro, de modificación da Lei 29/1985 do 2 de agosto, de augas. **6**Lei 16/2002 do 1 de xullo, de Prevención e control integrados da contaminación. **7**Lei 37/2003 do 17 de novembro, de Ruído.

DIRECCIONS DE INTERESE

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Edificios Administrativos San Caetano, s/n
15704 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 54 54 00 - Fax: 981 54 49 49

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO

Edificios Administrativos San Caetano, s/n
15704 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 54 43 41 - Fax: 981 54 55 41
Correo electrónico: dxcomercio@xunta.es

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Complexo Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 54 17 15 – Fax: 981 54 17 27

BIBLIOGRAFIA RECOMENDADA

“Comercio y medio ambiente. Buenas prácticas”. Cuadernos AFIC. Generalitat Valenciana. Consellería D’Indústria, Comerç I Innovació.

“Las buenas prácticas medioambientales en el comercio”. Generalitat Valenciana. Consellería de Medi Ambient.

“Guía de buenas prácticas ambientales en el sector del comercio minorista”. Cámara de Comercio de Zaragoza.

“Manual sectorial de ecoeficiencia en el sector del pequeño comercio en la Región de Murcia”. Región de Murcia. Consejería de Agricultura, Agua y Medio Ambiente (2004).

“Manual útil para el cuidado responsable del medio ambiente”. Gobierno de Cantabria. Consejería de Medio ambiente.

“Guía para un consumo responsable”. Confederación Española de Cooperativas de Consumidores y Usuarios. Hispacoop, www.hispacoop.es

“Buenas prácticas medioambientales para los Comerciantes de los Mercados Municipales”. Hispacoop, www.hispacoop.es

b i b l i o t e c a b á s i c a d o c o m e r c i o



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia